

## #SaímosCooperando - 3ª edición

#SaímosCooperando 2022: Un programa de mentoring con empresas cooperativas para a reactivación económica polos efectos da crise

**Convoca:** Unión de Cooperativas Espazocoop **Obxecto:** Seleccionar 15 cooperativas beneficiarias.  
**Destinatarias:** cooperativas socias de Espazocoop, e outras cooperativas.

### Convoca

Unión de Cooperativas Galegas EspazoCoop dentro do Programa de actuación 2022 da Rede Eusumo, e do Programa Operativo de Inclusión Social e Economía Social (Poises) OT 8: conseguir formación e emprego de calidade.

A Rede Eusumo é unha rede de colaboración impulsada pola Secretaría Xeral de Emprego da Xunta de Galicia para o fomento e consolidación do cooperativismo e a economía social que conta co financiamento do Ministerio de Trabajo y Economía Social.



### Obxecto

Espazo Coop é unha entidade multisectorial, integrada por cooperativas de distintas clases, que ten, como un dos seus obxectivos, a mellora da xestión e do funcionamento das cooperativas que asocia.

Un dos fins e misión da Unión é apoiar a consolidación das cooperativas, en especial das asociadas, mediante procesos de acompañamento que contribúan ao seu impulso e consolidación.

A situación causada pola crise e as consecuencias para a actividade económica en xeral e o tecido cooperativo galego, en particular, tanto en traballo asociado, como consumo, ensino, e outros, fai necesario establecer **medidas de acompañamento, colaboración e formación**, que lles permitan adaptarse canto antes a estas novas circunstancias, tanto desde o punto de vista económico-financeiro, como comercial e de mercado, favorecendo **alianzas estratéxicas, de intercooperación e de mecanismos de axuda mutua** para a **innovación** e busca de **novas oportunidades**.

Plantéxase un **programa mixto de acompañamento, encontros virtuais e formación** para a **xestión en tempos de crise**, de tal xeito que cubra varias liñas.

### Obxetivos:

- > **Impulsar medidas** que garantan ata onde sexa posible, a **reactivación e supervivencia da actividade e mantemento de emprego** das pequenas cooperativas ou as que amosen maiores dificultades, ante os impactos derivados da crise.
- > **Acompañar** a persoas socias, órganos directivos e consellos reitores para que podan asumir con garantías o seu **papel de goberno e xestión** neste entorno de incerteza, facilitando **formación aplicada e adaptada** nos ámbitos comerciais, económico-financeiro, planeamento e previsións, novas ferramentas e recursos a disposición, etc.
- > Impulsar o **encuentro entre cooperativas**, a posta en común de necesidades e recursos, a transferencia de experiencias, metodoloxías e boas prácticas entre as cooperativas que participen no programa, en orde a compartir recursos, readaptar actividades, establecer alianzas, etc.
- > **Facilitar ferramentas** específicas de xestión, repositorios, bases de datos, de autodiagnose, teletraballo e reunións virtuais que podan contribuir a adaptarse á unha nova realidade.

## CONDICIÓN DO PROGRAMA #SAÍMOSCOOPERANDO

### Plan de Trabajo

O Programa componse de dúas actividades complementarias:

**1| Labouras de Tutoría e Acompañamento**, en función das necesidades específicas e individuais das cooperativas e de acordo coas súas prioridades. Adicación de **40 horas** por cooperativa beneficiaria.

**2| Encontros Temáticos**, que permitan impulsar proxectos de colaboración e intercooperación. Realizaranse cinco **encontros de dúas horas** cada un, en formato virtual, que terán como obxectivo principal a posta en común de aspectos que permitan avanzar na resposta a dúbidas comúns, establecer mecanismos de colaboración en distintos ámbitos e difundir boas prácticas, ferramentas e recursos de interés, ao tempo que facer comunidade.

[ A participación nos 2 tipos de accións previstas (acompañamento e encontros) ten unha certa flexibilidade, podendo -a cooperativa beneficiaria- priorizar a realización dalgunhas actividades, sen necesidade de realízalas todas.]

**#SaímosCooperando** consiste nunha intervención integral (socio-empresarial), daquelas cooperativas con maiores dificultades, consta dunha primeira fase de coñecemento, de análise para identificar a situación existente, onde localizar as eivas e as áreas de intervención. Levarase a cabo mediante sesións virtuais ou presenciais, personalizadas para cada cooperativa beneficiaria.

O **Plan de Trabajo** do acompañamento terá que ver con algunha ou todas as **áreas** a partir da diagnose inicial e en base aos seguintes puntos:

- x **Análise das necesidades prioritarias da cooperativa. Incidencia da crise na actividade da cooperativa nos distintos ámbitos: laboral, fiscal, organizativo, económico e financeiro, comercial, xurídico, etc.**
- x **Elaborar a Diagnose para o Plan de Continxencia**
- x **Analizar o área produtiva, comercial e de mercado.**
- x **Analizar o área organizativa.**
- x **Analizar o área económica e financeira.**
- x **Elaborar, planificar e poñer en marcha unha proposta de mellora na cooperativa (fixar obxectivos, recursos, ferramentas, temporalizar, indicar resultados esperados, aplicar, avaliar, etc.)**

O Programa desenvolverá un traballo de mentoring ou acompañamento, mediante **sesións virtuais** (vía telefónica, email, vídeoconferencia, vídeo chamada, chat ou sala de conferencias virtual), ou sesións presenciais, de carácter particular coas cooperativistas.

Respecto dos cinco **Encontros Temáticos** este é o **calendario previsto** (sen prexuízo da súa adaptación ás necesidades das cooperativas beneficiarias):

- x **6 de Abril de 2022** | Presentación do Programa. Necesidades das cooperativas interesadas. Ferramentas e boas prácticas en procesos de consolidación de cooperativas.
- x **5 de Maio de 2022** | Financiamento ético e solidario.
- x **9 de Xuño de 2022** | Planeamento estratéxico e operativo para a consolidación.
- x **8 de Xullo de 2022** | Ferramentas telemáticas para a mellora do planeamento.
- x **16 de Setembro de 2022** | Boas prácticas do proceso de tutoría e avaliación do Programa.

A participación no programa esixirá **participación e compromiso activo da cooperativa** no proceso de mellora e a asunción das propostas de traballo realizadas pola persoa que titoriza o acompañamento para a consolidación.

### A quen vai dirixido?

Terán preferencia as **cooperativas socias** de EspazoCoop, que teñan o perfil vinculado aos obxectivos a acadar con este Programa, e trátase dun programa **gratuíto para asociadas**.

Aquelas **outras cooperativas** alleas á Unión de Cooperativas EspazoCoop interesadas deberán

poñerse en contacto para coñecer as condicións de participación no programa.

O servizo realizarase coas cooperativistas (as **socias da cooperativa**), aínda que determinados aspectos e sesións se traballen co **personal directivo e técnico** con responsabilidades de xestión empresarial e societaria. O traballo individualizado en cada cooperativa supón que o número de persoas participantes no proceso é variable, en función da dimensión da empresa.

### Duración do mentoring

Para cada unha das cooperativas beneficiarias o programa destinará 40 horas, que inclúe tarefas de preparación, execución das sesións, atención, diagnose e revisión de cada unha das áreas que contempla o programa.



A adicación prevista é o conxunto tanto das horas das sesións virtuais ou presenciais coa cooperativa, como as horas de revisión documental, busca de información, asesoramento telemático, e calquera outra, conformando así a totalidade de horas a disposición da empresa cooperativa beneficiaria.

### Período da intervención de #SaímosCooperando:

Ao longo do ano **2022**. Axustarase con cada cooperativa beneficiaria o período de acompañamento.

### Método da intervención #SaímosCooperando

Desenvolverase un método de traballo que combina a **reflexión estratéxica**, coa elaboración de **modelos**, uso de **ferramentas de análise e planeamento**, exposición de **casos de éxito**, **intercambio** de opinións e experiencias que sirvan para estimular e ordenar o **diálogo e coñecemento** nun plano de igualdade e enriquecemento mutuo.

O **calendario de traballo** en cada cooperativa será **consensuado** coa beneficiaria.

O obxectivo final é que as persoas socias, con independencia do tamaño da entidade, podan **asumir a futuro e con garantías a cobertura das funcións directivas e asegurar o relevo en postos estratéxicos**.

### Equipo da Unión de cooperativas

O equipo técnico de EspazoCoop asumirá a coordinación do Programa e o acompañamento nos procesos de mentoring de Saímos Cooperando.

**Abordará os asesoramentos e acompañamentos de xeito proactivo e comprometido, apoiando o cambio que deberán liderar as cooperativas no curto prazo.**

## Selección de cooperativas beneficiarias

O proceso de selección consistirá en recoller información das cooperativas demandantes: mediante un **formulario**, fai clic **neste enlace**

A valoración e selección das cooperativas beneficiarias, será realizada por unha comisión na que participará persoal do programa, e representantes da Unión de cooperativas.

## SOLICITUDES E PRAZO

O prazo para inscribirse abrangue do 29 de marzo ao **13 de abril de 2022**.

As cooperativas interesadas en participar no Programa deberán solicitalo e cumprimentar o **formulario electrónico** de datos **neste enlace**

## INFORMACIÓN E CONSULTAS

**Teléfono e mail de consulta e información:**

986 86 61 49 - [roberto@espazo.coop](mailto:roberto@espazo.coop)